



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

CERTIFICACIÓN

**JUAN LUIS GONZÁLEZ IGLESIAS, SECRETARIO XERAL
DO CONCELLO DE ORDES - A Coruña**

CERTIFICO: Que pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, de data 26 de febreiro de 2021, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

5. APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE AXUDAS A PROL DA NATALIDADE NO CONCELLO DE ORDES (ANO 2021).

Expediente de convocatoria de axudas á natalidade no Concello de Ordes, ano 2021.

Corresponde ao Concello o establecemento de medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Ordes mediante o deseño de mecanismos que axuden a fixar a poboación evitando deste xeito o despoboamento.

Visto o disposto na base 38ª de execución do orzamento municipal 2021 (prorrogado 2020).

Visto o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 26 de xuño de 2019, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o gasto con cargo á partida **231.480.00** do orzamento municipal para 2021 (prorrogado 2020), por importe de **EUROS VINTE E CATRO MIL (24.000,00)**.

2º.- Aprobar a convocatoria axudas á natalidade no Concello de Ordes, ano 2021, así como as súas bases reguladoras.

E para que conste e xurda os efectos oportunos, expido a presente certificación, que asino coas reservas do art. 206 ROF, de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ordes, na data da sinatura electrónica.

Vº Pº
O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias

(Asinado dixitalmente)